




AS TOCA- DORAS COMO TRANSMI- SORAS DA LINGUA GALEGA

II XORNADAS


**SOMOS
PANDEIRE-
TEIRAS**



17 DE MAIO

Santiago de Compostela
—Auditorio de Galicia

Horario de tarde



“

Como tocadoras, estamos aquí e agora. Construimos e peneiramos a sociedade co noso pensamento e coas nosas músicas. Facémolo da man das nosas mestras, mulleres que pertencían a outro xeito de saber. Elas eran e son, e agora tamén somos nós, as que podemos culturalmente construír o noso relato e forma de estar no mundo. Podemos pensármonos como transmisoras da lingua galega, das falas e da sororidade. Ser as donas da palabra.

Nos alicerces de **Somos Pandeireteiras**, a primeira asociación de mulleres tocadoras galegas, está situármonos como transmisoras da lingua galega e, por conseguinte, das súas falas. Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2025, data na que a Real Academia Galega renderá homenaxe a seis tocadoras da nosa tradición, promovemos a II edición das nosas Xornadas Públicas para abordar o papel fundamental das pandeireteiras como transmisoras da lingua e das falas dos distintos territorios antes, agora e de cara ao futuro.

”

SOMOS PANDEIRETEIRAS é unha asociación sen ánimo de lucro creada en 2023 coa intención de promover un proxecto cultural galego de carácter social. A entidade propón abrir un espazo propio para as tocadoras. Un lugar no que sexan (e estean) no centro e tomen a palabra. Un punto onde pousar a cabeza e construír o propio relato, alén de miralo como algo anacrónico ou do pasado.

A Xunta Directiva de Somos Pandeireteiras son:

- Presidenta: Gisela Sanmartín
- Vicepresidenta: Mercedes Peón
- Secretaria: Ana Fernández
- Tesoureira: Mar da Bouzas

17 MAIO 2025 · AUDITORIO DE GALICIA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

II XORNADA SOMOS PANDEIRETEIRAS

AS TOCADORAS COMO TRANSMISORAS DA LINGUA GALEGA


O 17 de maio, Día das Letras Galegas, celebrarase en Santiago de Compostela a II Xornada Pública Somos Pandeireteiras, un espazo de articulación das mulleres tocadoras do país para debater ao redor do rol esencial delas na transmisión da lingua e das falas das aldeas. A divulgación, a educación ou o posicionamento público sobre o idioma desde ese lugar de enunciación serán liñas que se traten nun encontro que, ademais de situar a lingua no centro, reflexionará en colectivo sobre como enfocar, de cara ao futuro, a transmisión e o respecto pola cultura e a lingua e falas desde a perspectiva de cada tocadora.

A II Xornada Somos Pandeireteiras será un punto de encontro, de conversa e de diálogo, que contará coa participación de xornalistas, músicas, lingüistas, filólogas, educadoras e poetas. Celebraranse catro mesas de traballo arredor do papel das mulleres pandeireteiras como transmisoras da lingua galega e dos trazos dialectais de cada territorio á fin de poder afondar en diferentes temáticas ou problemáticas ao redor do galego e da súa transmisión contemporánea.

Como peche, entre as 20 e as 22 horas, haberá unha gran foliada aberta á veciñanza. A intención da mesma non é outra que festexar, en comunidade, a vida e futuro da lingua galega. Nesta folía poderán participar todas as persoas que así o desexen, de calquera punto do país, xa que será unha festa para poñer en valor a cultura de Galicia.

Finalmente, e a raíz das principais conclusións da xornada, da man de Olga Novo, Paula Carballeira, Anxela Lema e Nuria Vil, que asistirán como relatoras, elaborárase posteriormente unha publicación.

A xornada diríxese a **todas as mulleres pandeireteiras do país** e contará cun límite de 100 participantes (un máximo de 25 persoas por mesa redonda) coa intención de poder desenvolver, nas mellores condicións posibles, un debate de xeito colectivo e colaborativo. A inscrición para poder asistir tanto as conversas como as mesas redondas pódese realizar a través da páxina web somospandeireteiras.gal.



PROGRAMA

- 15.30-16.00 h **Recepción de asistentes**
- 16.00-16.15 h **Benvida e presentación de Somos Pandeireteiras**
Gisela Sanmartín | Presidenta de Somos Pandeireteiras
- 16.15-16.30 h **Presentación da xornada ‘As tocadoras como transmisoras da lingua galega’**
Mercedes Peón | Vicepresidenta de Somos Pandeireteiras
- 16.30-17.00 h **Conversa entre a xornalista Pilar García Rego e Gisela Sanmartín, Mercedes Peón, Ana Fernández e Mar da Bouzas, da xunta directiva de Somos Pandeireteiras**
- 17.00-17.30 h **Conversa entre a xornalista Pilar García Rego e as tocadoras de Chaín: Digna Pérez Pérez e Otilia Mouriño Álvarez**
- 17.30-19.00 h **Mesas de traballo:**
- Mesa 1: As pandeireteiras: referente educativo nas escolas a nivel musical, cultural e literario
Modera: Maruxa Mascuñana | Relatora: Paula Carballeira
- Mesa 2: Transmisión das coplas e das falas atendendo os contextos e as súas diferencias dialectais. De aldea a aldea. De aldea a cidade
Modera: Icía Varela | Relatora: Olga Novo
- Mesa 3: A influencia das mestras de pandeireta nas persoas castelán falantes e neofalantes
Modera: Lupe Blanco | Relatora: Nuria Vil
- Mesa 4: Tradución das coplas ao galego, licenzas poéticas e diglosia. Responsabilidade da lingua na escena contemporánea
Modera: Icía Sanmartín | Relatora: Ánxela Lema
- 19.00-19.30 h **Conclusións das mesas de traballo**
Paula Carballeira, Olga Novo, Nuria de Vil e Ánxela Lema
- 19.30-19.40 h **Peché do encontro**
Ana Fernández, secretaria de Somos Pandeireteiras
Mar da Bouzas, tesoureira de Somos Pandeireteiras
- 20.00-22.00 h **Foliada aberta ao público**



CONVIDADAS



PILAR GARCÍA REGO



DIGNA PÉREZ



OTILIA MOURIÑO


Xornalista e comunicadora da TVG. Desde os anos 90 ten feito todo tipo de espazos en programas e informativos pero, sen dúbida, o que máis lle marcou foi o 'Alalá' que comezou no 2006, pois nel entrou en contacto con toda unha xeración de mulleres e homes aos que, sinala, lles debemos a salvagarda da tración oral.

Co 'Alalá' retomou a súa relación coa música tradicional, que comezara cando tiña 17 anos. Daquela participara na fundación do Centro Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras, onde foi bailadora e mestra de baile para os máis pequenos. Tamén deu aulas, nos 90, na asociación A ponte vella, onde foi a súa primeira mestras de baile. Leva con orgullo o título de Mellor bailadora nas Xornadas de Música Tradicional de Compostela en 1988. Desde hai 12 anos conduce o espazo cultural Zigzag da TVG.

As tocadoras de Chaín

Digna Pérez e Otilia Mouriño comezaron a tocar xuntas no 1958. No seu colectivo chegaron a ser 21 tocadoras divididas en grupos de 5 para tocar nas "Festas das casas", que é como se lle chama á foliada en Chaín. Daquela tiñan a festa de Santa Teresa (15 de outubro) como celebración principal. Buscaban a casa onde ir facer a foliada. Tiñan que mercar carburo e atopar quen lles deixara o candil. No sobrado da casa facíase o encontro e tiñan que "escorar" na corte para que non caera enriba das vacas.

Tanto Digna Pérez como Otilia Mouriño viviron eses tempos e seguiron a tocar. Grandes bailadoras da xota e mestras sempre, participaron nas festas das casas dos lugares do redor e hoxe en día van tocar onde as chamen ou onde lles preste tocar a pandeireta e cantar.





PAULA CARBALLEIRA

(Maniños, Fene, 1972) Licenciada en Filoloxía e cun curso de Especialización en Arte Dramática (Teoría e Práctica da Interpretación). Escritora, actriz e narradora oral profesional desde 1994, pertence á compañía Berrobambán e foi convidada aos principais eventos de narración oral nacionais e internacionais. Ten unha ampla produción literaria traducida a varias linguas e que mereceu distintos recoñecementos, entre eles o Premio Nacional de Literatura Dramática outorgado polo Ministerio de Cultura no ano 2023 por *As alumnas*.



ÁNXELA LEMA PARÍS

(Muros, 1991). Doutora en Estudos de xénero e literarios. Na actualidade traballa como profesora na Facultade de Filoloxía da UDC e é membro do Grupo ILLA e da Rede Galega de Estudos Queer. Os seus ámbitos de investigación son os estudos de xénero, da sexualidade e literarios, cuestións sobre as que publicou diferentes traballos e impartiu conferencias e seminarios. Foi galardoada, xunto a Andrea Nunes, co Premio Follas Novas (2024) polo ensaio *O cento voando. Amores, alianzas e non-monogamias* (2023). No ámbito da ficción publicou *ex-céntricas* (2022), xunto a Sara Villar.



NURIA VIL

(Santo André de Comesaña, Vigo, 1993). O seu traballo artístico céntrase en levar a poesía máis aló da escrita: busca hibridar a palabra con formas de arte experimental e performática a través dun discurso marcado pola vindicación social. Foi a primeira poeta en galego en formar parte do Ciclo Pictura Fulgens no Museo Reina Sofía. *Simún* (Ed. Chan da Pólvora, 2021, 2022) é o seu primeiro e único poemario individual escrito publicado; a súa obra atópase en numerosas antoloxías e permanece na oralidade. Ademais, fixo parte de espectáculos (*Indóciles, Dúas gamberras e un micro*) e no 2024 estreou *Declaro deserto*.



OLGA NOVO

(Vilarmao, Lugo, 1975). Doutora en Filoloxía Galega e de Estudos Hispánicos. Poeta, tradutora, ensaísta, crítica literaria e docente de ensino secundario. A súa poética xira arredor de eixes como o amor, o erotismo, as vangardas ou o feminismo. Suma numerosas obras como estudiosa da literatura; e a súa poesía ademais de ser traducida a numerosas linguas, foi recoñecida con numerosos galardóns. É o caso de *Cráter* (2011, Premio da Crítica española) ou *Feliz idade* (2019, Premio da Crítica galega, Premio da Crítica española e Premio Nacional de Poesía no 2020).



LUPE BLANCO

(Coristanco, 1980). Comezou a tocar a pandeireta aos seis anos cunha caixa de zapatos, conseguiu que a súa avoa Rosa apuntárala a clases na asociación do seu concello. Na adolescencia chegou a formar parte do grupo de pandereteiras Arume de Verdillo e continuou, xa como mestra por distintas asociacións da comarca. O mundo da pandeireta levouna a coñecer a regueifa e adícase profesionalmente ao que lle leva a vida: tocar, cantar e improvisar.



ICÍA SANMARTÍN

(Fene, 1994). Graduada en tradución e Interpretación. O seu interese na docencia lévaa a realizar o Mestrado Universitario de Profesorado, na especialidade de linguas estranxeiras. Comeza aos 3 anos no mundo da música tradicional, formando parte de diversas agrupacións e proxectos musicais. Dende hai uns anos, imparte clases de percusión tradicional en diversas asociacións. Actualmente forma parte de Xirifeiras e As Netas de Quen.



MARUXA MASCUÑANA

(A Coruña, 1988). Mestra e educadora social afincada na Coruña. Comezou a tocar a pandeireta aos 18 anos na asociación Arestora, ao tempo que descubría as súas primeiras foliadas. Desde entón, considérase aprendiz eterna de tocadora, pasando por asociacións como Raigañas, a Escola do Alprende ou Donaíre, da que forma parte hoxe en día. Durante o tempo que viviu na Costa da Morte, conectou con tocadoras que levan na súa memoria e na súa voz moitas das coplas e melodías que aprendeu ao longo de todos estes anos.



ICÍA VARELA

(Malpica, 2000). Filóloga e fundadora do grupo Arredores. Desde o ano 2015 é mestra de pandeireta e baile en numerosas asociacións do país, como Raigañas (Cerqueda), Adro (Baio) ou O Cansorriño (Camariñas). Compaxina esta labor de transmisión con colaboracións con artistas como Mercedes Peón, SÉS, Fillas de Cassandra ou Caamaño & Ameixeiras. Como solista, actuou no Festival Intercéltico de Lorient (Francia) e no Celtic Connections de Glasgow (Escocia).



II XORNADA PÚBLICA SOMOS PANDEIRETEIRAS

17 maio - Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela)

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

[Gratis, prazas limitadas]

[SOMOSPANDEIRETEIRAS.GAL](https://somospandeireteiras.gal)

KIT DE PRENSA

INFORMACIÓN

I Xornada Pública Somos Pandeireteiras
(Decembro de 2021, Carballo)

PUBLICACIÓN

Somos Pandeireteiras
(VVAA. Xerais, 2024)

CONTACTO PRENSA

Lucía Pita

675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es